



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 43/2019, DO 11 DE ABRIL, POLO QUE SE CREA E REGULA O OBSERVATORIO GALEGO DA FAMILIA E DA INFANCIA

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación co proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 43/2011, do 11 de abril, polo que se crea o Observatorio Galego da Familia e da Infancia, emite o seguinte **INFORME**

1. Marco normativo e competencial

a) Antecedentes.

. En base á habilitación competencial contida no artigo 148.1.20 da Constitución española, a Comunidade Autónoma de Galicia está lexitimada para lexislar en materia de familia de acordo co disposto nos apartados 23 e 24 do artigo 27 do seu Estatuto de autonomía, dentro da competencia exclusiva en materia de asistencia social.

No dito marco competencial, o Parlamento de Galicia aproba a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, para garantir entre outros, o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas dentro do sistema de benestar.

Anteriormente, no ámbito da familia e da adolescencia, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia. En virtude do desenvolvemento da dita lei, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, que regula o Observatorio Galego da Familia e o Decreto 184/2008, do 24 de xullo, polo que se crea o Observatorio Galego da Infancia.

Posteriormente, apróbase a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que recolle as necesidades derivadas dos cambios na sociedade e o reflexo dos cambios normativos. A dita Lei derroga a antedita Lei 3/1997, do 9 de xuño.

No Título Preliminar da Lei 3/2011, do 30 de xuño, recolle no seu artigo 4, a creación do Consello Galego da Familia e do Observatorio Galego da Familia e da Infancia como órganos asesores e de participación, adscritos á consellería competente en materia de familia. A Lei define o Observatorio Galego da Familia e da Infancia como órgano colexiado de carácter asesor e de apoio, análise, investigación, estudo e proposta de actuacións en materia de familia e de infancia e indica que a súa composición e funcións establecerase regulamentariamente.

. Por outra banda, na actual organización da Xunta de Galicia, a Consellería de Política Social é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución española, proponer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban entre as competencias en materia de servizos sociais, as políticas de familia e menores, na forma establecida no actual Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

As políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e adolescencia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, exerceránse pola consellería a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (artigo 13 do dito Decreto 216/2020, do 3 de decembro).

No dito decreto organizativo, concretamente no seu artigo 3, relacionanse os órganos colexiados adscritos á consellería, entre eles "d) O Observatorio Galego da Familia e da Infancia, creado pola Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia".

b) O Observatorio Galego da Familia e da Infancia.

No Título Preliminar na Lei 3/2011, do 30 de xuño, recolle as disposicións xerais, o seu obxecto e finalidade, o ámbito de aplicación, os principios reitores, a imprescindible transversalidade que debe guiar as actuacións dos distintos órganos integrantes da Xunta de Galicia para poder dotar á dita lei da necesaria efectividade, así como a creación do Consello Galego da Familia e do Observatorio Galego da Familia e da Infancia como órganos asesores e de participación.

Concretamente, no seu artigo 4 establece:

"Artigo 4. Órganos asesores e de participación.

1. Crearanse os seguintes órganos asesores e de participación:

a) O Consello Galego da Familia, como órgano colexiado permanente de participación e consulta da Xunta de Galicia, para a planificación e o desenvolvemento das políticas que a afecten.

b) O Observatorio Galego da Familia e da Infancia, como órgano colexiado de carácter asesor e de apoio, análise, investigación, estudo e proposta de actuacións en materia de familia e de infancia.

2. Ambos os órganos estarán adscritos á consellería competente en materia de familia.

3. A composición e as funcións tanto do Consello Galego da Familia coma do Observatorio Galego da Familia e da Infancia estableceranse regulamentariamente."

Así mesmo, na disposición transitoria única da Lei 3/2011, do 30 de xuño, establece:

"Disposición transitoria única. Vixencia transitoria.

En tanto non se desenvolvan regulamentariamente a composición e as funcións do Observatorio Galego da Familia e da Infancia previsto no artigo 4.1.b), manterase o funcionamento do Observatorio Galego da Familia regulado nos artigos 16 a 23 do Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, e do Observatorio Galego da Infancia, creado polo Decreto 184/2008, do 4 de xullo."

De conformidade co exposto, e en cumprimento do mandato legal, o Consello da Xunta de Galicia aproba o Decreto 43/2019, do 11 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia.

No artigo 6 do dito decreto regulase a composición como órgano colexiado participativo como se indica:

"Artigo 6. Composición

1. O Observatorio Galego da Familia e da Infancia terá a seguinte composición:

a) Presidencia.



b) Vicepresidencia.

c) Secretaría.

d) Vogais:

1º. Un/unha vogal, con rango mínimo de xefatura de servizo, designado/a en representación dos órganos dependentes da Presidencia e un/unha representante por cada unha das consellerías da Xunta de Galicia.

2º. Unha persoa en representación do órgano competente en materia de estatística.

3º. Unha persoa en representación da Delegación do Goberno en Galicia.

4º. Unha persoa en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

5º. Unha persoa en representación de cada unha das tres universidades galegas.

6º. Unha persoa representante da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, proposta polo/a fiscal superior de Galicia.

7º. Un número de persoas equivalente ao de representantes sindicais en representación da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).

8º. Unha persoa en representación de cada unha das organizacións sindicais intersectoriais más representativas de Galicia, así como das presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas que non teñan a condición de máis representativas.

9º. Unha persoa representante da Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia (POI Galicia).

2. Na designación de vogais procurarase que o Observatorio teña unha composición de xénero equilibrada, segundo o previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

3. Por cada membro titular deberase designar un suplente para o caso de que aquel/a non poida asistir.

4. A participación no Observatorio terá carácter gratuito e non dará dereito a percibir de ningún tipo de indemnización en concepto de axudas de custo ou gastos de desprazamento."

2. Obxecto do proxecto normativo.

Presentase agora un proxecto normativo que recolle a modificación da composición do dito órgano coa inclusión de UNICEF, axencia da Organización de Nacións Unidas que apoia aos gobernos e á sociedade civil para aplicar a Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos do neno e outras normas internacionais, e colabora coas administracións co fin de facer efectivos, entre outros, os obxectivos da Axenda 2030. A entidade adicase principalmente aos nenos, contribuíndo de xeito eficaz á loita contra a pobreza mediante labores de promoción e o establecemento de alianzas orientadas á supervivencia, o desenvolvemento e a protección da infancia. Un dos seus obxectivos é garantir o fiel cumprimento dos dereitos da infancia, proporcionando a todos os nenos do mundo alimentos, vestimenta, atencións médicas, vacinas, tentando satisfacer as súas necesidades.

As razóns expostas fundamentan a presente modificación normativa, considerando necesaria a participación da entidade na composición do Observatorio co fin de achegar a súa experiencia e coñecemento da realidade da infancia. A participación materializarase neste caso a través da Fundación UNICEF-Comité Español, entidade representante en España da axencia, sen prexuízo das relacións directas que puidera ter coas autoridades, administracións públicas e institucións de conformidade co Acordo Marco vixente co Reino de España.

Así o exposto, o presente proxecto normativo ten por obxecto á modificación do Decreto 43/2019, do 11 de abril, polo que, en virtude do seu rango normativo, correspondelle a súa aprobación ao Consello da Xunta de Galicia impulsado pola Consellería competente en materia de asistencia social, a Consellería de Política Social.

3. Acerto e oportunidade

De conformidade co exposto e tendo en conta a natureza participativa do órgano, cómpre a través da presente disposición de natureza modificativa, engadir un novo membro entre os vogais que configuran a composición do órgano.



Así, vista da súa estrutura e contenido, o proxecto normativo permite acadar o obxectivo proposto.

4. Tramitación da disposición administrativa de carácter xeral.

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, este acomodase ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro. Así mesmo, axustase ao disposto nos artigos 127 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na primeira fase, tras o acordo de inicio do procedemento asinado pola persoa titular da Consellería de Política Social o 4 de maio de 2021 (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro), o centro directivo da dita Consellería promotor da súa tramitación, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, remitiu á Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa da Secretaría Xeral Técnica o texto do entón anteproxecto do decreto polo que se modifica o Decreto 43/2019, do 11 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia acompañado dos documentos que de seguido se relacionan, de conformidade co referido artigo 41:

- Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade.
- Unha memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.

Xustificase no expediente a exención da consulta previa dado o carácter parcial e organizativo da presente modificación normativa.

Polo que se refire a súa estrutura, tras o título e a parte expositiva, dada a súa natureza modificativa comprende un único artigo que recolle a modificación do artigo 6, concretamente o seu número 1, letra d) referida aos vogais, incorporando o ordinal 10º co novo vogal Fundación UNICEF-Comité Español. A parte final comprende o réxime de vixencia da disposición.

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o servizo de apoio técnico-xurídico da subdirección xeral de coordinación administrativa da Secretaría Xeral Técnica, elaborou o preceptivo informe con data 27 de xullo de 2021. O texto obtivo a aprobación inicial da persoa titular da Consellería competente en materia de asistencia social (Consellería de Política Social) o 27 de xullo de 2021 pasando a ser proxecto normativo.

Tras a aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro e no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o proxecto normativo publicouse no Portal de Transparencia para que as persoas puidesen presentar as suxestións que considerasen oportunas, dende o 4 de agosto ao 24 de agosto do ano 2021. A través do Portal de transparencia tivo entrada a suxestión ao proxecto presentadas pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) que manifesta a súa conformidade coa modificación se ben engade unha serie de consideracións que exceden do seu contido ao referirse ás funcións o a organización do órganos.

Ao respecto, e tendo en conta o informe do estudo das alegacións remitido polo órganos promotor do proxecto que se xunta ao expediente, entendese razoable a argumentación mais terase en conta para posteriores proxectos modificativos.

Iniciada a fase intermedia, de acordo co establecido no artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, procedeuse a apertura do trámite de audiencia por un período de 15 días hábiles ás seguintes entidades que forman parte do órgano:

- . Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia
- . Universidade da Coruña
- . Universidade de Santiago de Compostela
- . Universidade de Vigo
- . Confederación de Empresarios de Galicia
- . Sindicato Nacional Comisións Obreiras de Galicia (CC.OO)
- . Unión Xeral de Traballadores (UXT)
- . Confederación Intersindical Galega (CIG)
- . Central sindical independente de funcionarios (CSIF)
- . Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)
- . Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia (POI Galicia)

Da relación de entidades presenta alegacións no plazo establecido a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), alegación referida á revisión do texto marco que introduce a modificación coa referencia expresa ao artigo afectado. A dita observación recollese no proxecto normativo.

Así mesmo deuse audiencia ás consellerías que integran a estructura orgánica da Xunta de Galicia. Os órganos, organismos e entidades do sector público autonómico non formulan observacións ao proxecto normativo. De forma expresa, a Presidencia da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Consellería de Emprego e Igualdade manifestan a ausencia de formular alegacións.

Na dita fase da tramitación, o proxecto de decreto foi sometido as observacións sobre o informe da avaliación do impacto demográfico. Ao respecto, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica en cumprimento do disposto no artigo 8.1 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, emite as súas observacións ao análise o 6 de agosto de 2021, concluíndo que a norma modificativa ten unha incidencia neutra no ámbito demográfico.

Continuando na fase intermedia da tramitación, recabaronse os informes dos seguintes órganos:

- Informe favorable da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.
- Informe favorable de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos. O proxecto non supón impacto económico.
- Informe favorable do impacto de xénero emitido pola Secretaría Xeral da Igualdade.
- Certificación do acordo sobre o informe emitido polo Consello Galego de Benestar Social adoptado na súa reunión extraordinaria celebrada o 19 de outubro de 2021, unha vez visto o proxecto.

As observacións recibidas no trámite de audiencia foron obxecto de estudo e o seu tratamento consta no informe remitido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica que obra no expediente.

Na fase final o proxecto de decreto, na súa versión do 28 de outubro de 2021, xunto co expediente administrativo, someteuse ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica que o emite con data 5 de novembro de 2021.

Tras o estudo dos antecedentes, as observacións de carácter xeral sobre o procedemento da elaboración de disposicións de carácter xeral, o fundamento competencial e normativo, a natureza como regulamento ditado en execución dunha lei e polo tanto executivo, a técnica normativa e a revisión do articulado, a Asesoría Xurídica emite informe favorable.

5. Legalidade

O proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Política Social e finalmente remitirase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, tras o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

De acordo co exposto, considerase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite

INFORME favorable ao proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 43/2019, do 11 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2021

A Secretaría xeral técnica

Maria Francisca Gómez Santos

